



## FOLLA DE IDENTIFICACIÓN DA PROBA ESCRITA

<b>Lugar da proba:</b>		<b>Data:</b>		<b>Nivel:</b>	<b>CELGA 4</b>
------------------------	--	--------------	--	---------------	----------------

### DATOS DA PERSOA CANDIDATA:

<b>Apelidos e nome:</b>					
<b>DNI / NIE / Pasaporte:</b>			<b>Nacionalidade:</b>		
<b>Data de nacemento:</b>	___ / ___ / _____		<b>Sexo:</b>	Home <input type="checkbox"/>	Muller <input type="checkbox"/>
<b>Lugar de nacemento:</b>	<input type="checkbox"/> Galicia <input type="checkbox"/> Outras comunidades de España <input type="checkbox"/> Europa <input type="checkbox"/> América <input type="checkbox"/> África <input type="checkbox"/> Asia <input type="checkbox"/> Oceanía				
<b>Lugar de residencia:</b>	<input type="checkbox"/> Cidade <input type="checkbox"/> Vila <input type="checkbox"/> Aldea				
<b>Tipo de estudos cursados:</b>	<input type="checkbox"/> Universitarios <input type="checkbox"/> Secundarios <input type="checkbox"/> Primarios <input type="checkbox"/> Sen estudos				

Estes datos serán totalmente confidenciais. Empregaranse só para efectuar a análise psicométrica das probas de avaliación.

### INSTRUCCIÓNS PARA A PERSOA CANDIDATA:

- Lea detidamente as instrucións do exame antes de comezar a responder.
- Empregue bolígrafo negro ou azul.
- Non se permite usar material de apoio.
- Adecúese á tarefa que se lle pide.
- Axústese ao número de palabras que se lle pide. Valorarase negativamente que non chegue a ese número de palabras ou que se exceda demasiado.
- Non se lle proporcionará outro caderno de exame.
- Debe empregar as letras maiúsculas e as minúsculas segundo corresponda.
- Non utilice o seu nome real no texto da proba nin marque o exame con ningún sinal (por exemplo, non use típex).
- Terá que entregar os borradores ao final da proba. Estes borradores destruíranse e en ningún caso se valorarán.
- Non adecuarse a estas normas pode supor a anulación do exame ou obter unha cualificación negativa nalgún dos parámetros de avaliación.





# Celga



# 4







## Proba A1

Vostede forma parte dun foro socioeducativo na súa vila que se reúne unha vez ao mes. Preocupado/a pola situación escolar dos adolescentes do municipio, decide enviarlles a todos os membros do foro un texto para debater na próxima reunión. Para iso vaise apoiar na información escoitada e vai redactar un **texto de 400 palabras**, no que ten que:


- Introducir o tema do debate e facer referencia á situación dos adolescentes na actualidade.
- Expoñer os factores aducidos no vídeo para explicar o abandono escolar, desde o punto de vista da familia, da sociedade e da escola.
- Informar do programa habilitado no sistema escolar e describir os testemuños que o vídeo ofrece.
- Propor e explicar polo menos dúas medidas concretas para paliar o fracaso escolar na súa zona, que se complementen co programa educativo mencionado.

NON ESCRIBA NESTA PÁXINA

COMECE NA SEGUINTE

ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A1

A large, empty rectangular box with a thin black border, occupying most of the page below the header. It is intended for the student to write their answers for the 'PROBA A1' section.




ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A1

A large, empty rectangular box with a thin black border occupies the majority of the page, intended for the student to write their answers for the A1 exam.

ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A1

A large, empty rectangular box with a thin black border, occupying most of the page below the header. It is intended for the student to write their answers for the 'PROBA A1' section.





ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A1

A large, empty rectangular box with a thin black border occupies the majority of the page, intended for the student to write their answers for the A1 exam.

## Proba A2

Un amigo seu quere mercar un piso de luxo e envíalle a vostede unha mensaxe electrónica pedíndolle que o avale. Decide negarse porque a hipoteca é excesiva e vostede non pode asumir un risco económico tan elevado. Baseándose no artigo “Avais para préstamos”, vaille responder cunha **mensaxe electrónica**, de **400 palabras**, na que ten que:

- Explicarlle o porqué da súa negativa en función da súa situación económica, familiar ou compromisos bancarios.
- Lembrarlle o que supón ser avalista nun crédito hipotecario.
- Resumirlle o que ocorrería en caso de que non se pague o crédito e as consecuencias que tería para ambos (legais, persoais...).
- Desculparse sintetizando as razóns aducidas e ofrecerlle outra alternativa.

De:	xaime@gmail.com
Para:	trescentos@gmail.com
Asunto:	vou mercar un piso!
<p>Ola, que tal?</p> <p>Eu, moi contento, a verdade. Acórdaste de que ando buscando piso? Pois esta semana fun ver uns pisos de luxo increíbles e decidín mercar un. Cando o vexas vaiche encantar, é modernísimo, cunhas vistas fantásticas, todo de deseño. Iso si: o bo hai que pagalo e, claro, é moi caro... Pero gustoume tanto que quero seguir adiante a pesar de que a hipoteca é moi alta. E, no tocante a isto, teño algo que comentarche. Verás, para podelo mercar preciso un aval e quería preguntarche se ti podes ser o meu aval. Farasme ese favor? Pénsao e dáme a túa resposta.</p> <p>Unha aperta, Xaime</p>	

## Avais para préstamos

### Avalar supón importantes riscos económicos



Os avais son un contrato que obriga a facerlles fronte ás débedas do avalado.

Dispoñer dunha nómina fixa, ser titular de bens inmobles ou ter unha conta corrente saneada son os requisitos que os bancos ou caixas de aforros lle esixen a un cliente a cambio de concederlle un préstamo. Quen cumpra con algunha destas tres condicións –ou máis dunha, en caso de solicitar sumas avultadas– e poida demostrar a súa solvencia non necesitará ningún aval. Pero o máis habitual, especialmente en mozos que tratan de acceder á súa primeira vivenda, é todo o contrario. É entón cando a entidade bancaria lle esixe ao solicitante do préstamo un aval que reduza o risco que asume a caixa ou banco. O problema é que a xenerosa iniciativa de avalar un parente ou un amigo pode supoñer graves consecuencias económicas para o avalista.

#### Un contrato con riscos

- Un aval é unha garantía bancaria. A súa misión é demostrarlle ao banco que, aínda que o titular do crédito non constituía suficiente garantía para a concesión do crédito, hai un cotitular que responde polo titular e que se compromete a pagar a cantidade que este deixase de aboar, cando isto ocorra.
- Os avais son un contrato público: asínanse ante notario. O habitual é que o trámite se efectúe a través do notario do propio banco ou caixa. Outra posibilidade é que se realice desde o despacho do notario, aínda que dependerá da entidade financeira e do cliente. Cando se trata de avalar un crédito hipotecario, asínase na entidade bancaria.
- Hai dous tipos de avais: os emitidos por persoas físicas –avais persoais– e os bancarios, cando quen se compromete a pagar a débeda é unha entidade financeira.
- Os avais persoais empréganse normalmente para créditos hipotecarios e de consumo. Familiares ou amigos son elixidos como avalistas na compra dun piso, dun coche... Este aval é gratuito: o titular non lle paga ao seu avalista para que este figure como tal.

## **Vixencia do aval**

Un aval pódese asinar para garantir todo un préstamo ou só parte del, tanto nos avais persoais coma nos bancarios. Antes de asinar o contrato, o avalista debe informarse do importe e do prazo para o que constará como tal. Transcorrido ese período ou aboada a cantidade que avalaba, quedará libre do seu compromiso. Aínda que a práctica de limitar a duración do aval é cada vez máis demandada polos titulares dos créditos, as entidades financeiras, conscientes do risco que lles ocasiona, tratan de negarse a quedar sen avalistas. A opción que ofrecen é a de cambiar de avalista. É dicir, propoñen un contrato cun avalista para un período concreto e cando vence o prazo esíxenlle ao titular outro avalista, que el mesmo decidirá.

O período de vixencia: algúns bancos e caixas continúan cobrando comisións trimestrais ou de risco, a pesar de que o prazo do aval finalizase ou de que a cantidade avalada fose satisfeita. O período de vixencia do aval non ten que coincidir co período polo que se asinase o préstamo, xa que se pode avala só unha parte. Finalizado o período de vixencia do aval, o titular do crédito débelle esixir ao banco que dea por liquidado o contrato de aval.


### **Que ocorre cando o titular non paga?**

Ante unha falta de pagamento, o acredor (banco ou caixa de aforros) debe reclamarlle en primeiro lugar ao debedor principal –a quen solicitou o préstamo– esixíndolle o pagamento da débeda. Esta reclamación faise por escrito: envíaselle unha carta ao cliente debedor como aviso, non como vencemento da débeda. Un só atraso acostuma ser suficiente para que bancos e caixas de aforro inicien as xestións de cobro. As faltas de pagamento penalízanse, tal e como consta no contrato do préstamo. Aínda que depende de cada banco ou caixa, a penalización acostuma ser de 5 puntos por riba do tipo de xuro pactado para o préstamo. Esa multa aplícase na mensualidade ou mensualidades non aboadas a tempo. Se o titular non aboa no prazo o préstamo, o banco ou caixa tratará, polo xeral, de localizalo por teléfono, aínda que non está obrigado a facelo. Non é mala idea aproveitar esta chamada para lle ofrecer á entidade financeira as explicacións pertinentes ou para tratar de negociar unha prórroga, xustificando o problema que ocasionou a falta de pagamento e asegurando que a débeda será saldada en breve.

Se a falta de pagamento persiste, o máis habitual é que a caixa ou banco lle advirta ao titular do crédito que acudirá aos tribunais. Nestes casos, a entidade está obrigada –por lei e porque así figura no contrato do préstamo– a respectar os prazos para executar o aval (normalmente tres meses, aínda que depende de cada caso). Se transcorrido ese prazo o debedor non aboa os atrasos, acódese ao avalista.

O avalista débelle pagar ao banco as cantidades debidas polo titular do préstamo, así como as penalizacións e os gastos derivados do contencioso ou dos xuízos. Isto non lle impide converterse en acredor da persoa á que avala e emprender as accións legais necesarias para que poida cobrar, por outros medios, as cantidades que avalou. Para isto resulta útil a contragarantía: trátase dun documento público, tamén asinado por un notario, polo que o titular do préstamo se compromete a lle aboar ao seu avalista a débeda que contraia con el. En caso de acudir aos tribunais, a contragarantía afórralle tempo ao avalista, que non deberá demostrar que o titular lle debe diñeiro (o que si tería que facer de non existir este documento).

Texto adaptado da revista *Eroski Consumer*




ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A2

A large, empty rectangular box with a thin black border occupies the central and lower portions of the page, intended for the student to write their answers for the A2 exam.

ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A2

A large, empty rectangular box with a thin black border, occupying most of the page below the header. It is intended for the student to write their answers for the 'PROBA A2' section.



ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A2

A large, empty rectangular box with a thin black border occupies the majority of the page, intended for the student to write their response to the A2 exam question.

ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A2

A large, empty rectangular box with a thin black border, occupying most of the page below the header. It is intended for the student to write their answers for the 'PROBA A2' section.